



Santiago de Compostela, 25.07.2000 // 19.30 H

**PALABRAS DO EXCMO. SR. PRESIDENTE
DA XUNTA DE GALICIA NO DÍA DE
GALICIA DO ANO 2000**

Palacio de Congresos e Exposicións-SAN LÁZARO

**Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,
Sr. Delegado do Goberno,
Sr. Alcalde de Santiago de Compostela,
Autoridades e representacións,
Miñas Donas, meus Señores:**

No nome do Pobo e da Xunta de Galicia, e no meu propio, agradezo a vosa asistencia ó acto institucional de celebración do Día de Galicia do ano 2000. Sede benvidos a esta xuntanza de irmandade. Porque reunión festiva é esta, matizada por unha vizosa tradición como día de encontro cos amigos e

os familiares alonxados de nós polos roteiros das xeografías e das profesións no mundo globalizado que nos tocou en sorte. Por iso adicamos tamén esta reunión a honrar ás persoas condecoradas coas Medallas Galicia do ano, que aquí as reciben, xunto coas simpatías e aplausos de todos.

Hoxe, como tódolos vintecinco de xullo desde a idade media, o pobo galego todo enteiro celebra o seu día de festa maior, o Día de Galicia; e o Presidente da Xunta cumpre co honroso deber de proclamar do mellor xeito que sabe ese feito, enviando a tódolos outros pobos amigos espallados por España, Europa e todo o mundo o testemuño da vontade pacífica e cooperativa de Galicia. Tamén cumpre co ditoso deber de mandar unha garimosa felicitación a tódolos galegos, especialmente ós



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

3

alonxados da terra nai. E para os que aquí están, sexa o brinde do poeta Seoane:

*Celebremos coa palabra
o advenimento azul deste día
carregado de dádivas felices.¹*

1.- FELICITACIÓN ÁS PERSOAS CONDECORADAS.

A imposición das Medallas Galicia ós honrados con elas, diante de tódalas autoridades políticas e administrativas, económicas e culturais do país dan carta de natureza a esta ceremonia cívica, que se ten consolidado xa, xunto ás outras existentes de vello de carácter relixioso e folclórico, coma unha das más significativas e gratas que se celebran na actualidade.

Señoras e señores galardoados coas Medallas Galicia 2000 nas súas tres categorías: vós colmades o requisito que marca o decreto creador das Medallas, cando sinala que han ser concedidas só a *persoas físicas ou xurídicas salientables polos seus méritos e polos servicios prestados a Galicia.*

Os vosos méritos persoais, que son asemade honrosos servicios a Galicia, son coñecidos, cada un no seu ámbito. Uns no marco da profesión e da cidade; outros, pola súa propia natureza, no horizonte nacional, outros quizais máis en América ou Europa que en España ou Galicia. Os motivos centrais da concesión enunciáronse mentres se procedía ás entregas de medallas e pergameos e amosan unha chea de méritos contraídos, por todos vós. Merecementos tanto más admirables e dignos

¹ Javier SEOANE, "Brindis": *O canzo da terra* (Barcelona, 1987).



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

5

de encomio, canto que foron sucedéndose e acumulándose, en cáseque tódolos casos, durante períodos tan longos como son os dez anos nos deportes; os cinco lustros nas industrias; e o medio século nas profesións liberais, as belas artes ou as funcións públicas.

As vosas biografías falan de altos obxectivos acadados, e de servicios prestados en tarefas senlleiras miradas en termos de utilidade social xeral. Pero máis importantes áinda, contempladas en relación á estructura socioeconómica de Galicia, a promoción das súas liñas más competitivas, e tamén a elevación das súas liñas menos desenvolvidas. Máis importantes, por tanto, no tanto que foron tarefas dirixidas a satisfacer algunas das nosas necesidades estratéxicas.

Moitos de vós tedes desenvolto notables traballos *culturais* nos eidos da Relixión, da Escultura, da Filosofía, da Filoloxía, do Xornalismo, da Medicina, da Arqueoloxía, da Arquivística, da Xurisprudencia. E non só teóricos, senón de dimensión operativa e práctica, é dicir, actuando en igrexas, asociacións, hospitais, museos, tribunais, bibliotecas, xornais, emisoras, universidades, etc. de Europa e de América.

Outros condecorados hoxe destacaron e destacan polas súas actividades *económicas*, pois crearon tecnoloxía industrial punteira, instrumentos de cooperación comercial entre Galicia e moitos estados, e sinaladamente Portugal, California, México, Venezuela, Cuba e Suíza; ou ben levantaron en Galicia industrias dotadas de canles de comercialización propia, e adicadas á mecánica, a

acuicultura e o marisqueo, a agricultura e a floricultura; ó turismo e á restauración; ás obras públicas e singularmente as referidas á rede viaria galega.

Outros condecorados, en fin, adicaron o seu esforzo xeneroso e productivo á tarefas *sociais*, tal que aquelas que ten que ver: coa atención ós marxinados, especialmente mulleres e nenos, no máis nido sulco da caridade cristiá; coa promoción da muller galega empresaria; co asociacionismo e a información dos emigrantes galegos fóra de Galicia, así en España, como en Europa e Iberoamérica, singularmente en Cuba, Uruguay e Venezuela; coa protección do medio ambiente en Galicia; coa educación infantil e xuvenil; co voluntariado adicado á protección civil; co turismo e a peregrinación, coa organización dos Xacobeos e a



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

8

promoción da Capitalidade cultural europea de Santiago de Compostela; etc.

O 12 de agosto de 1885 escribía D. Manuel Murguía, na introducción ó seu libro *Galicia*, este vaticinio:

Estas xentes, grandísimas amadoras dun pasado do que non acertan a prescindir, prepáranse entre os temores e vacilacións dunha dolorosa iniciación a ocupa-lo seu posto no concerto dos grandes pobos. Non é amor tolo a Galicia, e ás súas xentes, o que nos fai prever e asegurar que os seus novos destinos han ser tan brillantes, como descoñecidos os seus comezos. Nas artes plásticas, na poesía, na especulación, nas ciencias experimentais han

poñer ben pronto os seus fillos algo das grandes facultades creadoras que os distinguen.

Os Medallas de Galicia aquí presentes encarnan á perfección o cumprimento das arelas que expresou Murguía. E refírome a todos, non só ós condecorados este ano, pois tamén nos acompañan venturosamente, como cada ano nesta efeméride, moitas das persoas condecoradas en anos anteriores: reciban de novo o parabén do noso pobo e o meu persoal; e a pública manifestación da nosa arela de que poidan seguir concorrendo a esta festa nas sucesivas edicións e por moitos anos.

Os mesmos venturosos augurios fago, naturalmente, ós condecorados este ano 2000, así ás persoas físicas, como tamén ós dirixentes e restantes membros asociados das admirables *Agrupacións de*

Mariscadoras do Plan Galicia de Desenvolvemento do Marisqueo a Pé, honradas hoxe. Todos os condecorados, e estas mulleres de forma sobresaínte, simbolizan o bo camiño para Galicia: o camiño que garda o que ten, mesmo áinda que semelle cousa pequena e feble, e o actualiza e reaviva, para transformalo en algo rendible economicamente, sen perde-lo seu espírito.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

11

2.- ENCOMIO DE D. MANUEL CORDO BOULLOSA.

A Medalla de Ouro de Galicia do ano 2000 distingue a título póstumo a D. Manuel Codo Boullosa, e veu recollela persoalmente a súa viúva, D^a Nicole Boullosa, atención connosco que agradecemos vivamente. Esta condecoración, a máxima con que Galicia pode distinguir a calquera persoa ou institución, foi proposta e tramitada pola Xunta que presido a comezos deste ano. Infortunadamente, o seis de abril chegou a mala noticia do pasamento do Sr. Boullosa, e xulgamos que esa desgracia non debía altera-la decisión xa tomada moralmente antes, senón que ó contrario debía manterse con máis motivo. Pois é máis nobre áinda honrar a quen xa non pode nem sequera agradecer o aplauso que recibe.

D. Manuel Cordo Boullosa foi un cidadán portugués que sempre tivo no seu corazón un lugar para o amor a Galicia. Non era só que, aínda que nado en Lisboa, era fillo de pais galegos, alí emigrados desde Caritel e Ponte Caldelas, que lle trasmisitiron cos xenes do sangue tamén os da cultura. E que a providencia quixo que unha moi temperá orfandade materna obrigara ó pai a mandalo longas tempadas cos avós, de xeito que a súa infancia e mocidade, se troquelaron á par en Lisboa e en Caritel. El mesmo non se recataba de manifestar cando tiña ocasión que a falta da súa nai constituíra un sufrimento permanente na súa vida. E así foi que o amor pola nai se mantivo aceso sempre e se verteu en amor pola terra nai dos ancestros.

Do resto, todo se comprende fácilmente. D. Manuel Cordo Boullosa foi un home

extraordinariamente traballador, intelixente e afortunado. As tres circunstancias levárono de consún a camiñar dende uns primeiros empregos por conta allea, baseados na súa titulación de estudios comerciais, ata ocupar un dos primeiros postos no eido do empresariado portugués. O segredo do seu éxito estivo na capacidade galega de aforro e na habilidade portuguesa para seleccionar colaboradores dunha capacidade e habilidade extraordinaria. Un dos seus principais asesores dende os primeiros tempos foi D. Mario Soares, o expresidente portugués tan amigo de Galicia. De feito, el formou no mundo da empresa varias promocións de políticos eminentes e de grandes empresarios portugueses. A excepcional traxectoria empresarial de D. Manuel Cordo Boullosa forxouse sobre todo arredor dos negocios petrolíferos, pero

pronto se estenderon a outros campos, como o banqueiro, e o editorial, derramándose polos cinco continentes, con presencia sobresaínte en Brasil, Francia, Kenia, Sudáfrica, Angola e Mozambique.

Manuel Cordo Boullosa destacou sempre polo seu compromiso con Galicia. El regaloulle ó Centro Galego Xuventude de Galicia o edificio exento da Rúa Julio Andrade nº 3, de Lisboa, para que fose a sede da institución: e custeou a adaptación e amoblamento completo do mesmo. E nunca que foi requirido, deixou de acudir a subvencioná-las súas actividades.

O mesmo fixo, tamén, en favor da terra dos seus pais. A el se debe o grupo escolar e o casino de Ponte Caldelas, e non poucas axudas para o seu desenvolvemento. E el mantivo moitas actividades

en Caritel, tales como a festa da árbore, ou a escola artesanal de costura e debuxo. Trala súa morte van saíndo noticias de moitas outras obras benéficas, levadas a efecto discretamente en tódolos países en que mantivo empresas, pero tamén en Galicia. Deste xeito ben pode pensarse que D. Manuel Cordo Boullosa fixo realidade aqueles dous versos do *Himno Galego* de Pondal nos que se di que

*A nobre Lusitania os brazos tende amigos,
os eidos ben antigos, con un punxente afán
e cumple as vaguedades dos teus soantes pinos
duns máxicos destinos, ou grei de Breogán.²*

A Xunta de Galicia que presido otorgoulle por algunhas desas razóns a Medalla Castelao a D. Manuel Cordo Boullosa en 1991.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Os méritos engadidos ó longo dos case dous lustros transcorridos desde aquela facíano acreedor tamén á Medalla de Galicia. E por tal razón lla concedemos e lla entregamos hoxe á súa viúva.

É o premio extraordinario que merecen uns méritos extraordinarios, inda que cativamente lembrados por quen agora fala. Que, para gabar dignamente os méritos reais de D. Manuel Cordo Boullosa, necesita apropiarse do estro con que o xenial Camoens encomiaba as fazañas dos *Lusiadas* diante do Rei mozo D. Sebastião:

Ouvide: que não vereis com unhas façanhas fantásticas, fingidas, mentiroosas, louvar ós vosos, como nas estranhas musas, de engrandecer-se desejosas.

² Eduardo PONDAL, Os pinos. Himno Galego": *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe. Selección y prólogo de Carmen Martín Gaite y Andrés Ruiz Tarazona* (Madrid, Alianza Editorial, 1972)

*As verdadeiras vosas son tamanhas
que excedem ás sonhadas, fabulosas,
e excedem o Rodamonte, e o vâo Rugeiro,
e o Orlando, inda que fora verdadeiro.³*

3.- QUE GALICIA VAIA SEMPRE BEN

O día de Galicia é unha ocasión indicada para disfrutar dun presente pracenteiro. E non falo só, como é lóxico, deste acto de amigable convivencia, nin dos demais actos públicos que marcan a data do día vintecinco de xullo. Refírome ó presente amplio que é o ano transcorrido dende o vintecinco de xullo último. Foi un bo ano, gracias a Deus, posto que no seu decurso as cousas transcorreron, francamente, dunha forma ben positiva para o noso pobo. Dino claro certos datos senlleiros como son o descenso do

227.

³ Luis de CAMOENS, *Os Lusiadas*, Canto I, XI.

paro, e da delincuencia; o aumento da renda per cápita; e os innumerables éxitos apañados por tantas persoas ou institucións naturais de Galicia, ou aveciñadas no seu chan.

Podemos e debemos comunicármolo la nosa ledicia porque as cousas en conxunto vaian ben. Iso débese ó esforzo de tódolos galegos, e tamén á vixiante tutela do noso patrón o Apóstolo Santiago. Fago votos para que todos nós sigamos empurrando o carro galego como nestes últimos anos o vimos facendo, que os roteiros da historia son sempre duras congostras; e para que o Apóstolo siga a se-lo noso providencial guieiro e protector.

O Apóstolo e o 25 de xullo, día da súa festa, é unha data tan importante para a conciencia de Galicia que non se atopa escritor galego que non se

teña pronunciado sobre o asunto. Tamén o fixeron Manuel Murguía e Alfredo Brañas, os dous egrexios galegos dirixentes do galeguismo rexionalista no seu tempo, e que este ano veñen sendo singularmente lembrados e celebrados, co gallo da nominación como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do primeiro, e do centenario do pasamento do segundo.

Desde o primeiro momento en que se descubriron os sagrados restos ata o presente escribíu Murguía en 1888 nunca faltou quen viñese a postrarse ante estes altares, e buscar neles a remisión das súas culpas. Emperadores, reis, príncipes, duques, papas, bispos, santos, guerreiros, troveiros, artistas, mulleres e nenos tomaron o camiño de Compostela, visitaron a súa igrexa, oraron baixo as súas bóvedas, vindo

os uns dos más remotos confíns de Europa, os outros desde as súas illas e apartados retiros, todos enchidos da fe que os guiaba, e alentados pola esperanza e seguridade das grandes perdoanzas que da peregrinación esperaban.⁴

Así segue a ser, e con ímpetu renovado, no último ano que o foi xubilar, razón pola que o puideron comprobar oito millóns de forasteiros que nos visitaron.

Galicia escribiu en *El Regionalismo* Brañas, só un ano despois que o fixera Murguía no texto antes lido *botou a primeira labarada sacrosanta que, espallándose tras algúns séculos por Europa enteira, sublimou o afán grandioso das cruzadas e variou o estado social*

⁴ Manuel M. MURGUÍA: *Galicia* (Barcelona, 1888) 14.

*do Occidente. ¡Ou Galicia, Galicia! Cánta gloria para ti, se-lo berce da nosa redención nacional, e a terra bendita que recibiu no seu seo os restos daquel Apóstolo de Cristo, o nome do cal foi lema invicto, polo que se relizou ó longo de oito séculos a reconquista de España, e a constitución definitiva da nosa grandiosa nacionalidade. ¡Bendita sexas unha e mil veces, adourada patria nosa!*⁵

Manteñámo-la esperanza tamén hoxe, arredor do Patrón de Galicia, que é tamén Patrón de España e de tódolos pobos atlánticos, de que todos eles, pero nós sobre todo, estamos recorrendo o camiño do cambio para mellor, do estado social de occidente. E lembremos que nin sequera o ideal da cruzada lembrado por Brañas, e que a el xa lle parecía un

⁵ Alfredo BRAÑAS, *El regionalismo* (Barcelona, 1889) 236-237.

fenómeno histórico totalmente superado, nin sequera ese pode darse por extinguido. Nietzsche, de quen o primeiro centenario tamén ocorre neste 2000, avisou nun famoso poema filosófico de que na historia se produce dabondo o eterno retorno do igual, *die ewige Wiederkehr des Gleichen*.⁶ E os actuais filósofos da historia están alertando sobre os perigos que agacha o fundamentalismo islámico.

Pois o Día de Galicia é tamén necesariamente momento axeitado para mirar adiante; para programa-lo futuro; para preguntarse unha vez más

⁶ Friedrich NIETZSCHE, "Ruhm und Ewigkeit": *Dionysos-Dithyramben* (1^a ed. Leipzig, C. G. Naumann, 1919).-*Werke in drei Bänden Herausgegeben von Karl Schlechta. Zweiter Band* (München, Carl Hanser Verlag, 1956. 5^a ed. 1966.- 1.278 pp.) 1.237-1.267. Cfr. pp. 1.262-1.263.

polos vieiros a través dos que pode Galicia chegar ser algo máis grande e mellor.

Cómpre mirar cara ó futuro, pero neste día, con máis coidado, se cabe. Ante todo, para vixiar que as conquistas políticas e civís, e tamén económicas, sociais e culturais acadadas nestes últimos anos non se perdan, nin se mingüen, nin retrocedan baixo ningún aspecto. Pois, como todos sabemos, nin a liberdade, nin a seguridade, nin o benestar se acadan para sempre. Son síntomas de saúde social que, como os da saúde persoal, sempre están en perigo de perda súbita. Se non estamos previdos, para protexelos e defendelos en perpetua vixilia, tódolos grandes intereses e valores englobados no ben común poden perderse cando menos se pensa.

Mirar ó futuro, sen embargo, significa algo máis que tratar de conservar unha posición e de non retroceder dela. Mirar adiante é pescudar posíóns a conquistar e prepararse debidamente para avanzar vencendo dificultades. Temos que mirar, pois, ó futuro con anceios de medrar. E medrar significa, neste contexto, previ-lo conxunto dos problemas máis serios que nos traban, ou nos poden trabar nun inmediato futuro, buscándolles solución anticipada ó seu agravamento. Dende esta atalaia nos agardan tarefas colectivas importantes, e cómpre estar avisados de que están aí.

Temos que subi-la taxa de natalidade, respectando a liberdade da parella procreadora, so pena de perde-la nosa herdanza biolóxica. Temos que acelera-lo proceso de incorporación da muller galega ó mercado laboral en condicións de plena

igualdade. Temos que eleva-las rendas familiares más baixas, sen caer na subvención de duración indefinida. Temos que preserva-lo medio ambiente sen prexuízo do desenvolvemento industrial. Temos que pecha-lo sistema galego das comunicacíons de persoas e mercancías, coa implantación do tren de alta velocidade. Temos que mante-lo posto adiantado xa alcanzado na nova estructura informática globalizada. Temos que acoller importantes cotas de inmigración africana, sen suscitar reaccións xenófobas. E temos que incrementar moito as relacións de toda índole coa Rexión Norte de Portugal.

Non son poucos os problemas resoltos en moi grande medida dende a implantación do sistema autonómico. Non podemos asustarnos dos novos que van xurdindo. Datos sociolóxicos científicamente

obtidos certifican que o pobo galego ten a plena disposición e as forzas necesarias para seguir medrando como pobo; é dicir, para acabar de supera-las dificultades seculares que xa están cásenque vencidas, e para responder ós novos retos que a vida vaia deparando. Hoxe é día de recordar iso co gallo de renova-la confianza nas nosas propias posibilidades.

Un novo esforzo, cargado de ilusión cara ó futuro, permitirános rendibiliza-los investimentos realizados polo de agora no eido das infraestructuras; e brindaranos a posibilidade de recoller algúns dos froitos sementados polos nosos antecesores e por nós mesmos.

Non será iso unha tarefa fácil. Nunca o son as misións grandes. Nunca hai luces sen sombras, nin

rosas sen espiñas. Pero eu sinto que, tralo grande esforzo feito na década dos noventa, o pobo galego está plenamente seguro da necesidade de encararse cun segundo impulso, e de que durante a primeira década do dous mil vai ser quen de elevar ó máximo a aceleración dos seus motores vitais.

Hai en España varias Comunidades Autónomas que nos preceden en moitos índices económico-sociais; non será fácil chegarmos a se-la primeira: pero começemos por fixarnos esa meta como pobo. Hai en Europa moitas rexions más desenvolvidas que cá nosa: temos que aspirar a figurar anltre as primeiras.

Iso,. sen embargo, non se consegue só con querelo, senón que fai falla traballalo. Pero para poder traballar arreo hai primeiro que coñecer o que

se busca, e o que custará acadalo, amais de ter vontade de buscalo e de sacrificarse por conseguilo, sinxelamente porque paga a pena.

Aquela vella Galicia sempre de negro, sumida na depresión e no choro das súas desgracias e marxinacións, xa non existe máis que no recordo.

Agora é unha autonomía con peso e con voz propia no contexto español; unha comunidade cargada de historia e cultura, plenamente implantada nas institucións da Unión Europea; un país que acadou o grao normal de autoestima, un pobo que recuperou o seu orgullo de sentirse igual a todos, e por diante de moitos, en canto a progreso e benestar; unha xente prestixiada como honrada e emprendedora; un grupo de tamaño medio e proporcionado, que se sente quen de defende-lo seu

sen necesidade de renunciar a nada, e que aspira a todo.

Importa subliñar o Día de Galicia, hoxe precisamente, que ó longo dun cuarto de século fixémo-la transición dunha Galicia gris a unha Galicia multicolor, onde os galegos podemos vivir en paz e en harmonía, tendo moi a honra sermos galegos, sentíndonos cidadáns españois e europeos; e proxectándonos cara a Iberoamerica, onde hai máis dun millón de paisanos nosos que seguen engrandecendo Galicia, coa súa presencia e co seu traballo, moitas veces sacrificado dabondo.

Por iso podemos dicir, sen temor a caer en triunfalismos baleiros, que esta querida terra onde nacemos avanzou máis en canto a autoafirmación e a desenvolvemento económico e social no último

cuarto do século XX, que ó longo de todo o restante tempo da historia contemporánea. E que ese precedente avala sen máis que o próximo cuarto de seculo se vai desenvolver coa mesma felicidade.

Mais retornemos á festa, deixando os asuntos graves para mañá, que hoxe é o Día de Galicia do ano 2000 e non o imos ver pasar de novo.

4.- FELICITACIÓN A TÓDOLOS GALEGOS

O Día de Galicia, o Presidente da Xunta ten o gran pracer de felicitar a todo o pobo de Galicia, no nome de tódalas galegas e galegos que serven nas institucións autonómicas.

E por tanto felicitamos por diante de todos, ó primeiro dos galegos, Santiago Zebedeo,

*o noso patrón sabido,
o noso patrón probado.*

segundo o invocabá Paio Gómez Chariño,⁷ o grande almirante e poeta pontevedrés do século XIII.

E felicitamos tamén a cidade de Santiago de Compostela e os seus habitantes. Eles mantiveron e manteñen a fe e o culto ó Apóstolo durante dous milenios, en tempos de auxe e en horas de langor. Exercitando as virtudes xacobeas de fortaleza e mansedume, habelenciosamente combinadas, foron dando lugar os compostelanos nos últimos anos ó proceso de conversión de Santiago de Compostela nunha cidade patrimonio da humanidade, viva, culta e moderna, proxectada cara ó futuro, conservadora do seu patrimonio espiritual e artístico, e preparada para seguir encarnando a *esencia* da galeguidade e

liderando o seu desenvolvimento durante o terceiro milenio.

Felicitamos así mesmo a tódolos visitantes e peregrinos que viñeron e virán a Santiago neste ano 2000, co gallo de ser cidade europea da cultura.

Felicitamos tamén hoxe a tódolos que atenden espiritualmente ós millóns de peregrinos relixiosos e de turistas laicos que nos están visitando este ano.

Felicitamos, en fin, a tódolos españois, o santo patrono dos cales é dende séculos atrás o Apóstolo, en especial ós que se atopan fóra de España por razóns de traballo ou profesión. Convidámolos a nos visitaren en Santiago sempre que poidan.

⁷ Paio Gómez CHARÍÑO: "Ai Santiago, padrón sabido": *Cancionero* (Madrid, Librería General de Victoriano Suárez, 1934) 218-219.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

33

Finalmente, cítovos a tódolos presentes de hoxe nun ano, para comezar unha nova xeira histórica dándonos pulos mutuamente. A celebración do Día de Galicia de 2000 é a deste ano, pero non será a derradeira, pracendo a Deus. Que nos poidamos volver atopar xuntos o vintecinco de xullo do ano 2001. ¡De hoxe nun ano!

E dixen.